

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 19 DE XUÑO DO 2025.**

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO	Interventor: GONZALEZ MARIÑO JORGE
Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:05 do día Dezanove de Xuño do Dous mil vinte e cinco, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 12/06/2025

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202506/145

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/06/2025. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE ALLEAMENTO MEDIANTE POXA PÚBLICA DE 14 ROCHOS E 12 PRAZAS DE GARAXE PROPIEDAD DO CONCELLO DE RIBEIRA"

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202506/227

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 16/06/2025. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ARTISTA PARA ACTUACIÓN EN RIBEIRA NAS FESTAS DE VERÁN DE 2025"



4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202506/231

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 16/06/2025. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ARTISTA PARA ACTUACIÓN EN RIBEIRA NAS FESTAS PATRONAIS DE SANTA UXÍA 2025”

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202506/242

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 17/06/2025. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DEMANIAL PARA A EXPLOTACION DO BAR-CAFETERÍA DO CENTRO MULTIUSOS DE CARREIRA”

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202506/243

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 17/06/2025. DECRETO: “ACEPTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACHEGADA POLOS LICITADORES REQUIRIDOS PARA XUSTIFICAR AS SÚAS OFERTAS INCURSAS EN PRESUNCIÓN DE ANORMALIDADE E CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS FINALMENTE ADMITIDAS”

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202506/244

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 17/06/2025. DECRETO: “EXAMEN DE LA DOCUMENTACIÓN JUSTIFICATIVA DE LAS OFERTAS INCURSAS EN PRESUNCIÓN DE ANORMALIDAD Y CLASIFICACIÓN DE LAS PROPOSICIONES ECONÓMICAS QUE RESULTEN FINALMENTE ADMITIDAS”

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202506/250

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 17/06/2025. DECRETO: “CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN, PLUVIAIS E SANEAMENTO NA RÚA DA CHOUZA”

9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202506/251

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 17/06/2025. DECRETO: “CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA CONSTITUÍDA E



DEPOSITADA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DAS REDES DE AUGA POTABLE E PLUVIAIS NA RÚA LUÍS PIMENTEL”

10.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – Lucía Petrovich Costa

Queda sobre a mesa o escrito presentado por **Lucía Petrovich Costa**, de data 11/06/2025 (Registro de entrada nº 14.174), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira (“Caseta Penalti”), no mes de xullo de 2025 (7 días), na zona do Malecón, co motivo da celebración das Festas da Dorna.

11.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Manuel Petrovich Díaz

Visto o escrito presentado por **Manuel Petrovich Díaz**, de data 17/06/2025 (Registro de entrada nº 14.815), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos - 3,00 m. x 2,00 m.), o día 24/06/2025, polas Festas de Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Manuel Petrovich Díaz** para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos - 3,00 m. x 2,00 m.), o día 24/06/2025, polas Festas de Palmeira, **na explanada municipal**.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá instalar o posto fóra da área de dominio de Portos de Galicia.**
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

12.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – José Pedro Pinsag Isama

Queda sobre a mesa o escrito presentado por **José Pedro Pinsag Isama**, de data 17/06/2025 (Registro de entrada nº 14.813), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Bisutería e xoguetes - 3,00 m. x 2,00 m.), no mes de xullo do 2025, co motivo da celebración das Festas da Dorna.

13.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – Ángel Gregorio Gutiérrez Cobos

Queda sobre a mesa o escrito presentado por **Ángel Gregorio Gutiérrez Cobos**, de data 02/06/2025 (Registro de entrada nº 12.769), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira (“Olla”), en Aguiño (Ribeira).



14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8293 07.04.2025 SONIA LUACES MIGUEZ, pintar fachada traseira, no lugar de Vixán, nº 40, Carreira.

15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8426 08.04.2025 MARÍA DE LOS ANGELES LÓPEZ MARTÍNEZ, substitución de 4 columnas do peche, na rúa Manzanares, 85-B, Ribeira.

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8339 07.04.2025 MANUEL VILA HERMO, arranxo de tellado, no lugar de Deán Grande, 107-B, Ribeira.

17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8616 09.04.2025 OSCAR TORRADO MARTÍNEZ, retirar baño, reforma de baño, na rúa Mariño de Rivera, 4, 01 A, Ribeira.

18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8653 09.04.2025 JUAN MANUEL CHOUZA DORCA, traslado de hórreo, no lugar de



Xebre, 14, Castiñeiras.

19.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8760 10.04.2025 COMUNIDAD PROPIETARIOS EDIFICIO CRISTÓBAL COLÓN,43, obras de impermeabilización do patio interior, na rúa Cristóbal Colón, 43, Ribeira.

20.- LICENZA DE OBRA (PROXECTO DE EXECUCIÓN) - Ramón Cadabal Alonso

LICENZA MUNICIPAL (PROCETO DE EXECUCIÓN) PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA E PISCINA. PROMOTOR: RAMÓN CADABAL ALFONSO. LUGAR: LOMBAS, PALMEIRA, RIBEIRA.

VISTA a solicitude de licenza urbanística para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA E PISCINA**, no lugar de **LOMBAS, PALMEIRA, RIBEIRA**, da que é promotor **D. RAMÓN CADABAL ALFONSO**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable de **día 13 de maio de 2025**, así como o informe do **secretario xeral** da Corporación de data **13 de xuño de 2025**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A Xunta de Goberno Local, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte acordo:

-PRIMEIRO: - **CONCEDER** a **D. RAMÓN CADABAL ALFONSO** licenza urbanística para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA E PISCINA**, no lugar de **LOMBAS, PALMEIRA, RIBEIRA**, según proxecto de execución modificado, redactado polo arquitecto Don Jose Antonio Gómez Domínguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día **6 de marzo de 2025**, co número de visado 2403149,6, e presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co número 202500005479 o día 6 de marzo de 2025.

-Deberá axustarse a todas as determinacións establecidas no informe do arquitecto municipal de data 13 de maio de 2025

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.



TERCEIRO. - A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de eficiencia enerxética.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).



- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO: - Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO. - Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO. - Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO. - O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO. - Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia



ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

ANEXO (INFORME TÉCNICO)

INFORME DE LICENZA

Exp.: 2023 LIC-000093

Solicitante	CADABAL ALFONSO RAMON
DNI/CIF	53.486.652-Z
Situación	Lugar Lombas, Palmeira, Ribeira
Rexistro de entrada/Data	202300021842 / 21 de Setembro de 2023
Domicilio a Efectos de Notificación	Rúa Andrés Torres Queiruga, 14, 1º, 15.965, Aguiño, Ribeira, A Coruña
Orzamento de execución material	148.821,25 €
Obras solicitadas	Construción de vivenda unifamiliar illada
Nº Expediente	2023/LIC-000093

Don Jose Antonio Gómez Domínguez, con NIF 52.458.120-L, en representación de Don Ramón Cadabal Alfonso, con NIF 53.486.652-Z, solicitou licenza para a Construción dunha vivenda unifamiliar no Lugar de Lombas, Palmeira, en Ribeira, polo que

Informo,

1. ANTECEDENTES

Proxecto básico para a construción dunha vivenda unifamiliar redactado polo arquitecto Don Jose Antonio Gómez Domínguez, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co número 202300021842 o día 21 de setembro de 2023.

Solicitud de licenza de obras, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co número 202300021842 o día 21 de setembro de 2023.

Oficio de Dirección de Obras, de Dirección de execución, e de coordinación de seguridade e saúde, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co número 202300021842 o día 21 de setembro de 2023.

Cuestionario de estatística e vivenda, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co número 202300021842 o día 21 de setembro de 2023.

Escritura de propiedade, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co número 202300021842 o día 21 de setembro de 2023.

Xustificante de pago de taxas e ICIO, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co número 202300021842 o día 21 de setembro de 2023.

Proxecto básico modificado, para a construción dunha vivenda unifamiliar redactado polo arquitecto Don Jose Antonio Gómez Domínguez, asinado dixitalmente o día 7 de novembro de 2023, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co número 202300025836 o día 7 de novembro de 2023.

Consta acordo da Xunta de Goberno local en sesión do 25 de xaneiro de 2024, concedendo licenza urbanística para a construción de vivenda unifamiliar en planta baixa, no Lugar de Lombas, en Palmeira, en Ribeira.



Proxecto de execución para a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina, redactado polo arquitecto Don Jose Antonio Gómez Domínguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 14 de xuño de 2024, co número de visado 2403149,2, e presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co número 202300015604 o día 17 de xuño de 2024.

Proxecto de execución modificado, para a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina, redactado polo arquitecto Don Jose Antonio Gómez Domínguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 3 de febreiro de 2025, co número de visado 2403149,5, e presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co número 202500003322 o día 11 de febreiro de 2025.

Escrito asinado polo arquitecto Don Jose Antonio Gómez Rodríguez, o 11 de febreiro de 2025, onde se indica que se modifica a tipoloxía da cuberta do garaxe, pasando de ser cuberta plana a inclinada; co que se modifica a posición dentro da parcela, para que con os voos dos aleiros da cuberta, se manteña o cumprimento do recuado a linderos exixible, sen embargo, non se modifican os parámetros de ocupación, na memoria urbanística e planos, para verificar correctamente o seu cumprimento. **Deberán modificarse.**

Proxecto de execución modificado, para a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina, redactado polo arquitecto Don Jose Antonio Gómez Domínguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 6 de marzo de 2025, co número de visado 2403149,6, e presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co número 202500005479 o día 6 de marzo de 2025.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico un proxecto de execución de construción dunha vivenda unifamiliar e piscina, para comprobar a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Modificación puntual núm.3 do PXOM aprobada definitivamente o 02.03.2020 e denominada “Ordenanza 8.3 das normas urbanísticas do Plan Xeral de Ordenación de Ribeira” coa publicación da súa normativa no BOP con data 24.04.2020, en adiante MP03PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL
- Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, en adiante CTE

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada


Presentouse unha solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lugar de Lombas, no concello de Ribeira, acompañado dun proxecto redactado polo arquitecto Don Jose Antonio Gómez Domínguez.

4.2. Normativa urbanística

A parcela onde se vai a realizar a obra atópase en solo urbano (S.U.), segundo o PXOM de Ribeira, no seu plano 2.13, Ordenación Básica do territorio municipal, Clasificación do solo e usos globais, sistema viario, a escala E:1/5.000.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, e segundo a DT1ª.2.a. da *Lei 2/2016, do solo de Galicia*, en adiante LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicáraselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.





Segundo os planos de ordenación a parcela encóntrase clasificada coma Solo Urbano. Esta porción de solo urbano non consta recollido en ningún plano a escala 1/2.000, de clasificación e cualificación urbanística, polo que non está definida a Ordenanza de aplicación. Por asimilación das parcelas colindantes podería asimilarse a Ordenanza 6.3, sen ter claro se Tipo A ou B. Tendo isto en consideración, aplicaráselle as condicións mais restritivas de entre estes dous Tipos, que está de acordo ca indicada no proxecto presentado (6.3.B).

As Obras de Nova planta son admisibles nesta clasificación de solo.

O Uso residencial vivenda unifamiliar é admisible nesta clasificación de solo.

A continuación inclúese un cadro de cumprimento da normativa indicada no PXOM para esta clasificación de solo e o seu grado de cumprimento neste proxecto.

Parámetro	PXOM	Proxecto	Observacións
Parcela Mínima	1.000,00 m ²	1.228,00 m ²	CUMPRE
Fronte mínima	12,00 m	79,48 m	CUMPRE
Condições de forma	A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m de diámetro.		CUMPRE
Ocupación máxima	30%	27,60 % < 30% cumpre	CUMPRE
Recuados	3 m a lindeiros e ás vías a establecida nestas normas	3,10 m > 3,00 m	CUMPRE
Edificabilidade máxima	0,4 m ² /m ²	0,21 m ² /m ² < 0,40 m ² /m ²	CUMPRE
Altura da edificación	B+1+BC	B	CUMPRE
Altura máxima	6,50 m	4,69 m < 6,50 m	CUMPRE
Altura de coroación	4,00 m	2,27 m < 4,00 m	CUMPRE
Cerramento de parcelas	Só se permitirá a peche de parcelas con cerramentos opacos ata 1 m de altura máxima, estando permitido aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1 m.	-----	
Construcións auxiliares	Autorízase unha construción auxiliar por parcela, nunha soa planta e cunha altura máxima de	Non se proxectan	CUMPRE



	3,0 m.		
Cornisas a aleiros	$\leq 0,40$ m	$0,30$ m < $0,40$ m	CUMPRE
Corpos voados pechados	Autorízanse vos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de $0,80$ m, debendo ser acristaladas nun 50%	Non se proxectan	CUMPRE
Balcóns e terrazas	Nos corpos voados non se autorizará sobresaír o coo permitido con balcóns e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de $0,60$ m	Non se proxectan	CUMPRE
Cubertas	As cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas empregando como material de cobertura tella cerámica.	Dúas augas e tella	CUMPRE
Cerramentos exteriores e materiais	Prohíbese o emprego de mais de dous materiais diferentes en fachada. Prohíbese o aluminio na súa cor natural nas carpinterías.	cumpre	CUMPRE

O Rocho obrigatorio por aplicación do Decreto 29/2010 de 4 de marzo de 2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, deberá ser un espazo de almacenamento **independente**, non poderá ter o acceso desde o interior das zonas de circulación da vivenda. **Modifícase**

Segundo o Decreto 29/2010 de 4 de marzo de 2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia as estancias de superficie útil < 12 m², deberán admitir na súa planta, a inscrición dun cadrado de $2,20$ m de lado, na forma establecida no apartado I.A.2.2. Para as estancias indicadas no punto anterior, establécese un largo mínimo entre paramentos de $2,00$ m, non computándose os espazos con largos menores de $2,00$ m a efectos do cumprimento das superficies mínimas establecidas nestas normas con excepción de que sirvan para o acceso directo ao almacenamento persoal ou cuarto de baño/aseo complementario da citada estancia, ata un máximo do 10% da superficie útil da mesma.

Non se admitirán nas vivendas pezas distintas dos servizos (cociñas, baños, aseos, tendais e lavadoiros) que teñan unha superficie superior a 3 m² e non cumpran as condicións establecidas no presente apartado para as estancias, excepto que a superficie útil computable a efectos de habitabilidade do conxunto das **estancias** da vivenda supere os 100 m² útiles. En consecuencia, a estancia denominada **Vestidor**, deberá cumprir as condicións establecidas para estas estancias de superficie menor a 12 m², e deberá reflectirse en planos o seu cumprimento. **Modifícase**

Debe xustificarse a Lei 10/2014 de Accesibilidade de Galicia, xa que é de aplicación para este proxecto. O art.24 da dita lei require que para vivendas unifamiliares se xustifique a comunicación entre a vía pública e a entrada da vivenda. **Xustifícase**

Deberá achegar unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa sectorial. No caso de non existir normativa sectorial de aplicación, farase constar esa circunstancia expresamente no proxecto. **Incorpórase**

Nos planos é preciso grafar o subministro de enerxía eléctrica, os servizos de abastecemento de auga potable e instalación de evacuación e tratamento de augas residuais. **Grafíase**

Existe unha discrepancia entre os planos de alzados e a sección transversal presentada, os movementos de terra serán os mínimos imprescindibles para executar a edificación pretendida. Non se corresponde a diferenza de cotas que consta na sección transversal e nos diferentes alzados, deberá xustificarse os desniveis e movementos de terra a executar, así coma os muros de contención precisos en caso de ser necesarios. **Aclárase esta circunstancia**



Un proxecto básico non require visado colexial segundo establece o RD1000/2010, se ben a persoa técnica deberá acreditar que ten a titulación habilitante para a redacción da memoria, xa sexa coa copia da súa titulación ou cun certificado de colexiación. **Axúntase**

O proxecto carece de sinatura dixital, deberá presentarse asinado por técnico competente. **Asínase**

É preciso achegar Plano de cesión ao Concello dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario, no seu caso. **Achégase**

Da documentación que consta no expediente conclúese que a licenza municipal tense outorgado en base ao proxecto básico, segundo se establece no Anexo I do CTE.

Posteriormente presentouse un proxecto de execución que segundo a lexislación anteriormente mencionada desenvolverá o básico polo que se outorgou a licenza municipal de obras sen que poida rebaixar as prestacións nin alterar as condicións do básico segundo o Anexo I xa citado.

5. VERIFICACIÓN DOCUMENTAL

O proxecto de execución trátase dun documento detallado e extenso, habitualmente redactado por varios profesionais de distintas especialidades, que para os técnicos municipais deste Concello resulta inviable e desproporcionado analizar e informar en profundidade, por motivos obvios, e cuxo análise habitual se limita a comprobar o visado que garante a súa adecuación á normativa e a súa correspondencia co básico, obviando a análise do xa avaliado e informado no proxecto básico asinado polo mesmo autor, cuxo contido debe respectarse excepto cando se pretende alterar as condicións, en cuxo caso, o proxecto de execución deberá tomar o título de “básico reformado e de execución”, coma é o caso, indicándose, unicamente que se modifica a tipoloxía da cuberta da zona de rocho e garaxe, pasando de ser de cuberta plana, coma se proxectaba orixinalmente a cuberta inclinada a dúas augas, coma se proxecta no último proxecto presentado.

5.1. CONTIDO MÍNIMO DO PROXECTO TÉCNICO		
Condición	Verificación	Observacións
Memoria descriptiva	PRESENTA	
Memoria Construtiva	PRESENTA	
Memoria de Demolición	NON PROCEDE	
Xustificación CTE DB - SE (seguridade estrutural)	PRESENTA	
Xustificación CTE DB - SI (seguridade en caso de incendio)	PRESENTA	
Xustificación CTE DB - SUA (seguridade de utilización e accesibilidade)	PRESENTA	
Xustificación CTE DB - HS (salubridade)	PRESENTA	-
Xustificación CTE DB - HR (ruído)	PRESENTA	-
Xustificación CTE DB - HE (aforro de enerxía)	PRESENTA	-
Xustificación do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia	PRESENTA	
Xustificación do cumprimento do Real Decreto 1627/1997, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, e demais normativa aplicable.	PRESENTA	
Información Xeotécnica	PRESENTA	
Cálculo da estrutura	PRESENTA	-
Instalacións do edificio	PRESENTA	
Eficiencia enerxética	PRESENTA	
Estudio Ambiental	NON PROCEDE	
Plan de Control de calidade	PRESENTA	
Xustificación do cumprimento do Real Decreto 1027/2007, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos edificios (RITE)	PRESENTA	
Xustificación do cumprimento de RD 842/2002, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión	PRESENTA	-
Xustificación do cumprimento da lei 10/2014, de accesibilidade e do seu regulamento D35/2000.	PRESENTA	



Xustificación do cumprimento do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia (actividades e LPO)	NON PROCEDE	-
Xustificación do Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a xestión de residuos de construción e demolición	PRESENTA	
Oficio de Dirección de Obra	PRESENTA	
Orzamento detallado	PRESENTA	

6. VERIFICACIÓN DOCUMENTAL

O proxecto de execución presentado correspóndese co proxecto básico presentado, que serviu de base para a obtención da licenza, salvo en pequenos axustes de superficies útiles interiores, derivados dos axustes de espesores das fachadas, o que permite aumentar sensiblemente a superficie útil de certos espazos, sen variar a superficie construída e a modificación xa referida na cuberta do garaxe e rocho, que modifica simplemente o parámetro de recuado a lindeiros e ocupación máxima, mantendo sen modificación os demais parámetros urbanísticos. Segundo comprobacións xerais. Modifícanse os parámetros de ocupación da memoria urbanística, adaptándoos á nova configuración das cubertas e aleiros.

Do resto de documentación, non se detecta ningún cambio nin se refire nas memorias.

O artigo A.4.2.1 do Decreto 128/2023, de 7 de setembro, polo que se modifica o Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, indica que *“o cuarto de baño estará composto coma mínimo por bañeira ou ducha, lavabo e inodoro e deberá contar ca preinstalación que permita a fácil colocación dun bide”*. nos planos achegados de saneamento e fontanería non se inclúe, deberá modificarse. **Modifícase.**

Non consta plano da instalación de ventilación. Deberá achegarse. **Achégase.**

04.03.Cálculo do PEM en cumprimento da Ordenanza Fiscal

En cumprimento da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e de conformidade coas características da edificación, procédese ao cálculo do importe mínimo do PEM en función das características da edificación proposta.

Os valores de referencia establecidos polo Concello de Ribeira para a estimación do orzamento de execución material como base imponible provisional para o ICIO calcúlanse mediante a aplicación, á superficie construída, do módulo básico de execución material e dos coeficientes do valor da construción que para usos e tipoloxías construtivas establece o RD 1020/93 de 25 de xuño, conforme á táboa I.

Calculándose da seguinte forma:

$$PR = M \times C \times S$$

Sendo:

PR = Orzamento de referencia a efectos do cálculo da base imponible do ICIO, en €.

M = módulo básico da construción da ponencia de valores vixente de Ribeira en €/m² (segundo a ponencia en vigor o importe do MBC é de 500)

C = coeficiente da táboa I en función do uso e tipoloxía.

S = superficie construída en m².

Para os usos propostos no proxecto, procede a aplicación dos seguintes valores:

	C: Coeficientes segundo uso e tipoloxía (Táboa I)
VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA OU PAREADA	1,25
GARAXES E PORCHES EN P. BAIXA VIVENDAS UNIFAMILIARES	0,65
PISCINA NON CUBERTA	0,60

Planta Baixa



Contará cunha superficie construída de 275,65 m², dos cales, 63,85 m² correspóndense cun garaxe e 43,30 m² cun porche en planta baixa e unha piscina de 9,00 x 4,00 m..

Quedando o cálculo do xeito seguinte:

PR=M x C x S x RR	M	C	S	PR
Vivenda	500,00 €	1,25	168,50 m ²	105.312,50 €
Garaxe	500,00 €	0,65	63,85 m ²	20.751,25 €
Porche en planta baixa	500,00 €	0,65	43,30 m ²	14.072,50 €
Piscina non cuberta	500,00 €	0,60	36,00 m ²	10.800,00 €
TOTAL				150.936,25 €

O importe mínimo de Orzamento de Execución Material ascende á cantidade de CENTO CINCUENTA MIL NOVECIENTOS TRINTA E SEIS euros e VINTECINCO céntimos, e polo tanto o PEM do Proxecto (148.821,25 €) NON cumpre ca Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Ribeira.

7. CONCLUSIÓN

Polo tanto, á vista das consideracións expostas infórmase en sentido **favorable** a actuación de referencia.

8. OBSERVACIÓNS

Segundo o artigo 143.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, Unha vez presentado no concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

21.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Ángel López Soto, S.L.

Vistos os escritos presentados por **Ángel López Soto, S.L.**, de datas 27/03/2025 e 09/04/2025 (Rexistros de entrada nº 7.245 e 8.575), nos que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A024001170000KO, situada en PARCELA Pol. 024 Par. 00117- AGUIÑO, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 28/05/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: ANGEL LOPEZ SOTO S.L

NIF: B36746659

02.DATOS DA PARCELA

Localización: PARCELA Pol. 024 Par. 00117- AGUIÑO.

Ref. Catastral: 15074A024001170000KO

Plano do PXOM: Planos nº 2.10 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0305 do PBA.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 27.03.2025, obtén rexistro de entrada (RE.: 20257245), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

-Solicitude do interesado

03.02. Con data do 09.04.2025, obtén rexistro de entrada (RE.: 20258575), unha solicitude de información urbanística.

-Xustificante do pagamento dos tributos municipais.



04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para as que solicita información atópase en solo Rústico.

De acordo coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo rústico aplicaráselle o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o solo rústico.

Da consulta do PBA, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atópase:

- Afectada pola zona de servidume de costas
- Afectada parcialmente por unha líena de media tensión.
- afectada pola zona de protección costeira do Plan de Ordenación do Litoral.

Segundo o deslinde do Servizo Periférico de Costas, e a cartografía óbrante no visor do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a parcela atópase na Zona de Servidume de Protección (arts. 23 e DT3ª da Lei de costas) estando afectada pola citada servidume.

Da consulta do POL, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atópase:



- Afectada pola zona Protección costeira
- Afectada pola zona de Espacio de Interese

Afectada parcialmente por unha líena de media tensión Consecuencia do sinalado haberá que outorgarlle, varias categorías de (SPRC) **solo rústico de protección de costas + (SPRPT) solo rústico de especial protección patrimonio + (SPRIN) solo rústico de infraestruturas.**

Os **usos e actividades permitidos**, o **réxime dos usos** e as **condicións xerais da edificación** para o solo rústico recóllense nos artigos 35, 36 e 39, respectivamente, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A continuación adxúntase a cartografía de aplicación:







Plano de líneas Xerais Agua Potable e Saneamento.

22.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Iván Pillado Rodríguez

Visto o escrito presentado por **Iván Pillado Rodríguez**, de data 11/06/2025 (Rexistro de entrada nº 14.305), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº **3648608NH0134N0001GI UBICADO EN RÚA NORTE, 36, PALMEIRA, RIBEIRA (A CORUÑA)**.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 13/06/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que o **INMUEBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3648608NH0134N0001GI UBICADO EN RÚA NORTE, 36, PALMEIRA, RIBEIRA. (A CORUÑA), non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.**

23.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Antonio Clemente Guelho

Visto o escrito presentado por **Antonio Clemente Guelho**, de data 12/06/2025 (Rexistro de entrada nº 14.329), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº **0927504NH0102N0005WS** ubicado en **RÚA Noro 1 - Entreplanta E, 15.960, RIBEIRA (A CORUÑA)**.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 13/06/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que o **INMUEBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0927504NH0102N0005WS** ubicado en **RÚA Noro 1 - Entreplanta E, 15.960, RIBEIRA. (A CORUÑA), non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.**



24.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. J. ENRIQUE MAREQUE ÁLVAREZ-SANTULLANO, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D^a M^a ISABEL FERNÁNDEZ LEMA, POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 5420LTP Ó BATER CONTRA O MESMO UN COLECTOR DO LIXO. EXPEDIENTE 2024 RESP000036.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. J. Enrique Mareque Álvarez-Santullano**, en nome e representación de **D^a M^a Isabel Fernández Lema**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 02 de novembro de 2023, D^a M^a Isabel Fernández Lema tiña o seu vehículo, marca Skoda, con placas de matrícula 5420LTP, estacionado na Rúa Cristóbal Colón, da parroquia e municipio de Ribeira, cando, de súpeto, un colector do lixo impactou contra o mesmo, o que ocasionou unha serie de danos ó automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 23/09/2024 co número 202400023854, D. J. Enrique Mareque Álvarez-Santullano, en nome e representación de D^a M^a Isabel Fernández Lema, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos no citado vehículo, que cuantifica na contía total de 408,64 €, segundo informe pericial emitido polo perito Javier González Baños e orzamento emitido por “Talleres Choli, S.L.”, mais os xuros que legalmente procedan.

Co escrito de reclamación, achega a seguinte documentación:

- Permiso de circulación do vehículo.
- Parte de servizo número 8695 realizado pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Presuposto de reparación dos danos emitido por “Talleres Choli, S.L.”
- Informe pericial emitido na data 09/11/2023 polo perito Javier González Baños.
- DNI da Sra. Fernández Lema.
- Certificado de titularidade de conta bancaria da que é titular a Sra. Fernández Lema.
- Declaración da Sra. Fernández Lema de non ter recibido indemnización de ningunha outra entidade, nin da súa compañía aseguradora.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 10/03/2025 pola Policía local.
- Parte de servizo número 8695 realizado pola Policía local.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de escrito de alegacións por parte da reclamante, rexistrado de entrada na data 06/06/2025 co número 202500013567, e no que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-



A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto



FIRMANTE - FECHA



lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

A Sra. Fernández Lema ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación, por ser a titular do vehículo danado, tal e como resulta acreditado pola documentación que consta no expediente, entre ela, o permiso de circulación do automóbil.

Actúa representada por D. J. Enrique Mareque Álvarez-Santullano, que acredita debidamente a súa representación mediante a autorización outorgada pola Sra. Fernández Lema na data 03/02/2025 ante esta instrutora, e que consta no expediente.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo con placas de matrícula 5420LTP. Así se deduce do informe pericial e do orzamento de reparación que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a reclamante conecta os mesmos ao mal funcionamento do servizo de recollida de lixo.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia do sinistro acontecido**, tal e como consta no **Parte de Servizo número 8695** emitido na data do accidente e que dispón o seguinte: *"Sendo as 12:10 horas do día 2 de novembro de 2023 recibíuse unha chamada telefónica na Xefatura da Policía Local comunicando que na Rúa Cristóbal Colón un colector do lixo de color amarelo debido ó mal tempo desprazárase da súa ubicación habitual, chegando a golpear a un vehículo. Presentados no lugar os axentes informantes comprobaron a veracidade do exposto no Vehículo danado A procedendo así mesmo á identificación da Prexudicada A. Este colector do lixo amarelo está habitualmente ubicado sen amarrar ao carón doutro colector do lixo de cor verde, o cal si está dotado dun mecanismo de suxeición."*
- **No informe emitido na data 10/03/2025** como consecuencia da instrución do expediente, a Policía local ratifica o recollido no Parte de Servizo número 8695, engadindo o seguinte: *"(...) O día do sinistro a estación meteorolóxica máis próxima localizada en Corrubedo rexistrou ás 12:00 horas refachos de vento superiores aos 30 quilómetros por hora. É opinión dos informantes que os danos sufridos polo vehículo son compatibles con varios impactos dun colector do lixo en camiño descendente pola Rúa Cristóbal Colón que bateu contra o mesmo, en varias localizacións do seu costado dereito ao estar o vehículo estacionado na marxe esquerda da rúa en sentido descendente. O vehículo danado estaba estacionado, polo que non influíu*



na causalidade do sinistro. O colector do lixo en cuestión, era un colector do lixo amarelo, que carecía de sistema de suxeición (no intre de realizar este informe segue carecendo del) ao contrario do colector do lixo verde situado ao seu carón que si está suxeito cun anclaxe metálico. Debido á pendente da Rúa Cristóbal Colón este colector amarelo debería estar provisto de similar mecanismo para evitar o seu desprazamento, xa que o freo que incorporan estes colectores nas súas rodas traseiras non é suficiente para contrarrestar a suma do vento e a pendente, chegando a “saltar” como nesta ocasión. Os danos observados polos informantes, estaban localizados todos no costado dereito do vehículo e afectaban ao paragolpes traseiro parte baixa (primeiro e máis brusco dos impactos do colector en opinión dos informantes), paso de roda traseiro e á porta traseira e á manilla desta.

Dos informes referidos extraemos as seguintes conclusións:

- Que un colector do lixo de cor amarelo desprazáronse pola Rúa Cristóbal Colón polo vento existente ese día.
- Que no seu desprazamento bateu contra o automóbil propiedade da Sra. Fernández Lema.
- Que non se ten constancia dunha conducta negligente por parte da reclamante e titular do vehículo.
- Que non existe causa de forza maior.

En consecuencia, e en atención ó informe emitido pola Policía Local, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Skoda, modelo Scala, con placas de matrícula 5420LTP, propiedade de D^a M^a Isabel Fernández Lema.

Acreditada a existencia dunha relación de causalidade entre o dano sufrido e o funcionamento do servizo público correspondente á recollida de residuos sólidos urbanos, cómpre facer fincapé na lexitimación do Concello de Ribeira contra o que se presenta a reclamación polos danos antes referidos, xa que, aínda que o devandito servizo constitúe unha competencia inequívoca dos Entes Locais, tal e como se recolle nos artigos 25.2 b) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, constátase que o mantemento do servizo, na data do accidente, competía á entidade URBASER S.A., con NIF A79524054, como entidade concesionaria do mesmo.

Segundo dispón o artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas Leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto no contrato de obras, sen prexuízo da posibilidade de repetir contra o redactor do proxecto de acordo co establecido no artigo 315, ou no contrato de subministro de fabricación. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición das accións. A



reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

Así mesmo, o prego de cláusulas administrativas particulares do contrato administrativo para a xestión, mediante concesión administrativa, do servizo público de limpeza pública urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (excluída a fracción do vidro) e xestión do punto limpo do Concello de Ribeira, asinado na data 31/07/2017 entre o Concello de Ribeira e a entidade RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U., contrato que foi cedido a favor da mercantil URBASER S.A.U, formalizándose a citada cesión na data 19/5/2020, dispón na súa cláusula décimo novena que o concesionario terá como principais obrigacións as seguintes: “(...) Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración”.

En base ao referido, e sobre todo ao artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración ten o deber ineludible de pronunciarse sobre o responsable do dano.

A este respecto, e, como xa ten manifestado o órgano consultivo autonómico, serán dúas as canles ás que a Administración poderá recorrer para cumprir co seu deber de pronunciamento.

Unha primeira posibilidade é a da declaración terminante da responsabilidade do concesionario, declaración recollida nun acto administrativo e acompañada polo tanto do manto de protección que cobre a aqueles, así como posibilitando os mecanismos de impugnación oportunos para desvirtuar a súa eficacia. Esta vía esixe, non obstante, unha tramitación axeitada e, en particular, a debida audiencia do contratista, que se converte neste procedemento nun interesado de primeira orde ao serlle imputado o dano que motiva a reclamación.

Unha segunda alternativa, que se pode seguir á hora de resolver este tipo de reclamacións, é entender que en réxime de responsabilidade obxectiva e directa será a Administración que, de se dar os supostos de responsabilidade, deberá indemnizar ao lesionado, con independencia de que se, á vista do procedemento contradictorio tramitado, resultara ser o contratista ou concesionario o responsable, poida a Administración repetir contra ese posteriormente, coas pertinentes garantías e despois da tramitación dun incidente contradictorio, xa sen intervención do prexudicado.

No presente caso, na tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial iniciado a instancia de D^a M^a Isabel Fernández Lema, representada polo Sr. Mareque Álvarez-Santullano, deuse audiencia á entidade concesionaria URBASER S.A. mediante Decreto da Alcaldía de data 28/05/2025, que foi notificado na data 29/05/2025, segundo consta no acuse de notificación telemática, quen puido realizar as alegacións que tivo oportunas, **polo que se entende que é perfectamente factible a posibilidade de seguir a primeira vía para a solución da controversia, sendo por tanto que procede declarar a responsabilidade da entidade concesionaria, por desprenderse esta do actuado no expediente, de xeito que será aquela quen deberá asumir a indemnización do dano causado.**



Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución da Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 17/06/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. J. Enrique Mareque Álvarez-Santullano, en nome e representación de D^a M^a Isabel Fernández Lema, polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, e recoñecerlle o dereito a unha indemnización de 408,64 € mais os xuros que legalmente procedan.

Declarar a falta de lexitimación pasiva do Concello de Ribeira para atender ó pago da indemnización, e responsable da mesma á entidade que na data do accidente era a concesionaria do servizo público de limpeza pública urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e xestión do punto limpo URBASER S.A., polo que será esta entidade a que deberá facer fronte á reparación dos danos ocasionados indemnizando á reclamante na contía antes indicadas.

Todo isto de conformidade co exposto nos parágrafos precedentes, como responsable da prestación do citado servizo e en virtude da cláusula décimo novena do prego de cláusulas administrativas particulares do citado contrato administrativo.

25.- VAO PERMANENTE – Gonzalo Muñiz Sampedro

Visto o escrito presentado por **Gonzalo Muñiz Sampedro**, de data 06/06/2025 (Registro de entrada nº 13.540), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Remedios, nº 21 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 14/06/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Conceder a Gonzalo Muñiz Sampedro**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Remedios, nº 21 (Ribeira), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

26.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN "FESTA DO SOCIO" - Grupo de Baile e Música Tradicional Tahume

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Turismo, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 15/06/2025, relativo á solicitude de autorización para a celebración da "Festa do Socio" no Parque Periurbano de san Roque, e no que expón:



“Que o GRUPO DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAL TAHUME CIF G15462971 como representante Manuela Ayaso Domínguez D.N.I. 52934338E vai a celebrar “FESTA DO SOCIO” o día sábado 5 de xullo no Parque Periurbano de San Roque, por isto, solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 10/06/2025 con Nº de rexistro de entrada 2025513929, solicitando:

Autorización para levar a cabo “A CELEBRACIÓN DO SOCIO” no Parque Periurbano de San Roque o sábado 5 de xullo para organizar un xantar acompañado de actuacións de música e baile tradicional, xogos e foliada libre nas inmediacións do anfiteatro, dende as 11:00 ata as 20:30 h.

1. *Acondicionamento da zona para realizar xogos.*
2. *Uso dos aseos públicos do parque.*
3. *Préstamo de 35 cadeiras do Concello.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar a celebración de “A FESTA DO SOCIO” no Parque Periurbano de San Roque o sábado 5 de xullo en horario de 11:00 ata as 20:30 horas.**
- **Autorizar o acondicionamento da zona próxima ao anfiteatro.**
- **Autorizar o uso dos aseos públicos do parque.**
- **Autorizar o préstamo de 35 cadeiras do Concello, debemos indicar que non é posible; posto que o concello non dispón nesa data de ditos elementos; xa que desde finais do mes de xuño ata mediados do mes de setembro levarase a cabo a programación municipal “Lecer na Ribeira” e precisa contar coas cadeiras para os espectáculos que se realizan no exterior.**
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- **Dar traslado deste acordo ao interesado e á Policía Local de Ribeira para o seu coñecemento.**

27.- AUTORIZACIÓN DE USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA SOLICITADOS POR TERCEIROS

Á vista das solicitudes que son recibidas na área municipal de Cultura referidas a dispor do Uso Temporal de instalacións municipais adscritas a este departamento.

Considerando que o motivo deste uso temporal é a celebración de actos de interese cultural, social e ou deportivo, promovidos e organizados polas entidades solicitantes, que carecen de ánimo de lucro e son abertos á cidadanía.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade



e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Previa valoración de cada solicitude é a vista da disponibilidad das instalacións interesadas, vista a proposta de resolución emitida ao respecto pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar o uso temporal para a celebración das seguintes actividades:**

- **Petición do Colexio Bayón** (Alejandro Gómez Fernández).

Solicita o uso da Aula Polivalente do Auditorio Municipal de Ribeira na que celebrar o *acto de Graduación do alumnado de 4º da ESO* ó 20 de xuño de 2025 de 18.00 a 21.00 horas, no suposto de non ser posible e motivado na Aula Municipal de Música de Aguiño.

Desde a área municipal de Cultura infórmase que nesta data e no Auditorio está previsto a actuación do “*Monólogo EVA Y QUE?*” acto que forma parte da programación propia desta área. Por iste motivo na procura de garantir o bo desenvolvemento das accións, tendo en conta o deseño e distribución destas instalacións que comparten o vestíbulo como espazo común, e seguindo o criterio de non solapar actividades polo risco de mestura e control de públicos entre outros, evitar ruidos que poidan producir molestias (tempos de entrada, saída de participantes, probas técnicas necesarias, etc) é polo que non se considera axeitado a realización de ningún outro acto a un tempo, a non ser que forme parte do mesmo evento. Por isto e en consecuencia **propoñemos a Aula Municipal de Música de Aguiño para celebrar o acto de graduación organizado polo Colexio Bayón na data e horarios sinalados.**

- **Amnistía Internacional Barbanza** (Iria Ortiz López)

Solicita o Uso do Centro Cultural Lustres Rivas ó 24/6/2025 de 20 ata 21.30horas para celebrar o *Encontro activista Pro-Dereitos Humanos* previsto na Praza Porta do Sol só en caso de choiva.

Infórmase da disponibilidad da Sala de Conferencias para este día de 20 a 21 horas (en caso de choiva).

- **Club Balonman Ribeira** (Pablo González Fernández)

Solicita o Uso do Centro Cultural Lustres Rivas ó 5/7/2025 ás 10.00 ata 12.00 horas *Asemblea Xeral ordinaria de socios.*

Infórmase da disponibilidad da Sala de Conferencias para este día.

- **Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna** (Juan José Segade Iglesias)

Solicita o Uso do Espazo de Usos Múltiples Municipal (Carpa- Rúa Canarias/Galicia) ó 15/6/2025 ata ó 31/7/2025 para celebrar o *Asteleiro Dorneiro.*

Infórmase que por motivos de programación esta instalación estará ao seu dispor do 24 de xuño ata o 31 de xullo de 2025.

- **Trasladar este acordo aos interesados xunto coas Condicións de Uso que se indican:**

CONDICIÓNs DE USO:

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de



espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).

2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor (SGAE), adornos e outros).
6. Respetar o aforo da instalación.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

28.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO DO ESPAZO SITUADO NA CONTORNA DA ÁREA DEPORTIVA DE CASTRO (CASTIÑEIRAS PARA REALIZACIÓN DE ROMARÍA CO MOTIVO DO DÍA DO ORGULLO LGTBIQ+ - Iria Casais Rivas

Visto o escrito presentado por **Iria Casais Rivas** en representación da **Asociación Cultural e Social Malas Herbas**, de data 13/06/2025 (Registro de entrada nº 14.521), no que solicita autorización para a celebración dunha romaría co motivo do Día do Orgullo LGTBIQ+, o día 05/07/2025, en horario de 16:00 h. A 02:00 h. Así mesmo, se as condicións atmosféricas fosen desfavorables, solicitan o uso da carpa municipal na mesma data e horario.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dunha romaría co motivo do Día do Orgullo LGTBIQ+, o día 05/07/2025, en horario de 16:00 h. A 02:00 h, sen prexuízo doutras autorizacións autonómicas ou estatais pertinentes.
- Non autorizar a cesión de uso da carpa municipal debido a que nesa data e horario está ocupada.
- Deberán respectar en todo momento a normativa relativa a ruídos.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



29.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez (ALOHA)

VISTO o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez** en representación establecemento “Bar Aloha” (Ribeira), de data 12/06/2025 (Rexistro de entrada nº 14.390), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 06/06/2025, en horario de 21:00 h. a 23:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Fernando Varela Rodríguez, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 20/06/2025, en horario de 22:00 h. a 24:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Aloha” (Ribeira) (Fernando Varela Rodríguez), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo*



amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

30.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN DE ROMARÍA NO MERENDEIRO "LAXA DA GATA" (CORRUBEDO) - Asociación Amas de Casa e Asociación Taller Alecrín

Visto o escrito presentado pola **Asociación Amas de Casa e Asociación Taller Alecrín**, de data 16/06/2025 (Rexistro de entrada nº 14.761), no que solicita autorización para a celebración dunha romaría de confraternidade, co motivo do remate do curso 2024-2025, o día 06/07/2025 en horario de 11:00 h. a 21:00 h., no merendeiro "Laxa da Gata" (Corrubedo). Así mesmo solicitan a limpeza do espazo e a instalación dun Wc portátil.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dunha romaría de confraternidade, co motivo do remate do curso 2024-2025, o día 06/07/2025 en horario de 11:00 h. a 21:00 h., no merendeiro "Laxa da Gata" (Corrubedo).
- Prestar a colaboración municipal coa limpeza da contorna.
- Non prestar a colaboración municipal coa instalación dun Wc portátil.



- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

31.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Javier Souto González (BEIZOS GASTROBAR)

Visto o escrito presentado por **Javier Souto González**, en representación do establecemento hostaleiro **Beizos Gastrobar**, de data 02/06/2025 (Rexistro de entrada nº 12.772), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, no mes de xullo de 2025, durante a celebración da Festa da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, no mes de xullo de 2025, durante a celebración da Festa da Dorna.
- **Non autorizar** a instalación de autofalantes no exterior do establecemento.
- **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

32.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A COMUNIDADE DE VECIÑOS DO EDIFICIO RÚA CANARIAS, 4 (RIBEIRA)

VISTA a proposta presentada pola Secretaría Xeral do Concello de Ribeira, de data 18/06/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Comunidade de Veciños do Edificio Rúa Canarias, 4 (Ribeira).

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste na colaboración entre o Concello de Ribeira e a Comunidade de Propietarios do Edificio da rúa Canarias, nº 4, CP 15960, Ribeira para levar a cabo o **Festival de Arte Mural Salmoira 2025 – 2ª edición**.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Comunidade de Veciños do Edificio Rúa Canarias, 4 (Ribeira) para levar a cabo o **Festival de Arte Mural Salmoira 2025 – 2ª edición**.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

33.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA REALIZACIÓN DE EVENTO MUSICAL EN ESPAZO PÚBLICO - Lara Pérez Pérez

Visto o escrito presentado por **Lara Pérez Pérez** como propietaria do establecemento comercial **Libraestudio**, de data 17/06/2025 (Rexistro de entrada nº 14.835), no que solicita autorización para realizar un evento musical na vía pública (Rúa de Galicia, 62 - Ribeira), o día 21/06/2025, en horario de 20:00 h. a 22:00 h.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a celebración dun evento musical na vía pública (Rúa de Galicia, 62 - Ribeira), o día 21/06/2025, en horario de 20:00 h. a 22:00 h.
- Deberá establecer as medidas necesarias para a libre circulación de vehículos e peóns, así como cumprir cos estándares normais en canto á emisión de ruídos.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

34.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DUNHA SARDIÑADA EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALARÍA - José Manuel Santos Martínez (A RUEDA)

VISTO o escrito presentado por **José Manuel Santos Martínez** en representación establecemento “Café Bar A Rueda” (Ribeira), de data 19/06/2025 (Rexistro de entrada nº 15.156), no que solicita permiso para evento gastronómico (sardiñada) no exterior do establecemento hostaleiro “Café Bar A Rueda” (Ribeira), o día 24/06/2025, en horario de 13:30 h. a 15:00 h. e 20:30 h. a 22:30 h., co motivo da celebración da Noite de San Xoan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **José Manuel Santos Martínez**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar A Rueda” (Ribeira), o día 24/06/2025, en horario de 13:30 h. a 15:00 h. e 20:30 h. a 22:30 h., co motivo da celebración da Noite de San Xoan.

- Deberá protexer o chan cunha alfombra de area para evitar posibles danos.
- Deberá adoptar as debidas medidas para salvagardar a seguridade dos participantes, así como da limpeza do espazo unha vez rematado o evento.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento (Sardiñada) a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Café Bar A Rueda” (Ribeira) (**José Manuel Santos Martínez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio*



deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



35.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Verónica Martínez Fernández

Visto o escrito presentado por **Verónica Martínez Fernández**, de data 17/06/2025 (Registro de entrada nº 14.868), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Pan de millo e herbas de San Xoán), o día 23/06/2025, na Rúa de Galicia (Ribeira) á altura da Praza de Abastos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Verónica Martínez Fernández** para a instalación dun posto de venda ambulante (Pan de millo e herbas de San Xoán), o día 23/06/2025, na Rúa de Galicia (Ribeira) á altura da Praza de Abastos.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

36.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A CAMBIO DE TITULARIDADE POLA QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES

FINALIDADE DA LICENZA DE VENDA AMBULANTE: Ocupación temporal no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 9.1 Sistema Xeral Portuario.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vistas as solicitudes presentadas polos interesados/as coa respectiva documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017, para exercer a venda ambulante nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **URBANO CON ORDENANZA 9.1 SISTEMA XERAL PORTUARIO**.

ORDENANZA 9.1.- Desarrollo

La ordenanza correspondiente debe ajustarse a lo indicado en la Ley 27/1992, es decir, que debe establecer que el sistema general portuario se desenvuelve mediante un Plan Especial o instrumento equivalente, a formular por la Administración Portuaria, y que se instrumentará en la forma establecida en la citada Ley de Puertos. Asimismo, debe establecer que los usos, actividades, instalaciones, construcciones, etc. permitidas en las instalaciones portuarias serán acordes con usos portuarios y con fines propios de la



Administración Portuaria.

ORDENANZA TRANSITORIA 9.2-

En ausencia de los correspondientes planes especiales que desarrollan el sistema general portuario, y hasta tanto no se redacten y entren en vigor, se estima conveniente el que se introduzca en el Plan Xeral, una normativa transitoria que se entiende, debe tener un carácter muy general, dada la peculiaridad de los puertos como soporte de un conjunto de actividades comerciales, industriales, de ocio y recreo, etc., en un proceso de permanente evolución como consecuencia de estar sometidas a una serie de complejos factores exteriores, la mayoría coyunturales, que por su dificultad, y en algunos casos, imposibilidad de predicción, exigen una normativa con la suficiente flexibilidad para permitir una rápida adaptación a las circunstancias de cada momento.

De esta forma también se evitará que determinadas obras en los Puertos puedan sufrir considerables retrasos e incluso paralizaciones, lo cual afectaría gravemente a la operatividad y desarrollo de los mismos, perjudicando notablemente su actividad, con los consiguientes perjuicios para los usuarios y, en general, para todo el Ayuntamiento, por la especial repercusión de la actividad portuaria en su economía.

Por lo tanto, el contenido de esta normativa será el siguiente:

Gestión y tutela de las zonas de servicio (sistema general portuario): cualquier actuación en su suelo, de carácter urbano, portuario, deberá contar con la previa concesión o autorización, según sea el caso, de los Organismos Portuarios competentes.

Usos permitidos: los indicados en la vigente Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante.

Usos prohibidos: los también indicados en la vigente Ley anterior.

Alturas: la altura máxima de las edificaciones (de coronación) será de 12 metros exceptuándose de esta delimitación aquellas instalaciones singulares destinadas al servicio del puerto, tales como depósitos, silos, frío, torretas de alumbrado y balizamiento, etc.

Normas estéticas: las edificaciones deberán integrarse estéticamente en el conjunto del puerto, sin provocar roturas con el contorno, por diseño, color, remates, etc., debiéndose cumplir la normativa dictada por la Dirección General del Patrimonio de la Xunta de Galicia en la zona donde sea de aplicación.

SEGUNDO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

TERCEIRO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.



A estes efectos no expediente constan as solicitudes presentadas polos interesados coa documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

CUARTO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, esixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirlle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

QUINTO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

SEXTO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación



do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

SÉTIMO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.

c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

d) Orzamento de execución material.

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

OITAVO.- Real Decreto 199/2010 de 26 de febreiro polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou no sedentaria.

NOVENO.- Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia en relación co Decreto 144/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único da regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

DÉCIMO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obrigatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P



nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.

DÉCIMO SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1de xullo de 2015.

RESOLUCIÓN

Polo anteriormente exposto, pola documentación obrante no expediente, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A APROBACIÓN DA SEGUINTE RELACIÓN DE SOLICITUDES ÁS QUE SE LLE CONCEDE CAMBIOS DE TITULARIDADE POLAS QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES (EXERCICIO 2025) nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello de Ribeira.

CAMBIO TITULAR - EXERCICIO 2025

Débora Bascoy Romero, con D.N.I. 52.938.917 R , titular do posto nº 23 do mercadillo de Ribeira cunha ocupación de 3 metros, o día 04/06/2025 con rexistro de entrada 13.345, solicita cambio de titularidade do seu posto a favor de Carlos Portas Costa, con D.N.I. 35.466.320 K.

023	PORTAS COSTA CARLOS	52930867 R	3	
-----	---------------------	------------	---	--

SEGUNDO.- A autorización municipal constitúe o título habilitante para o exercicio 2023, e ampara así a venda ambulante que se ven realizando dende o 1 de xaneiro do exercicio 2017 no mercado periódico que se ven celebrando os sábados na zona Portuaria do Concello ata o 31 de decembro de 2025.

A renovación da autorización realizarase no 1º trimestre natural cada ano. O concello de Ribeira poderá comprobar o estado das condicións que motivaron a adxudicación en calquera momento da vixencia da mesma. Cada ano renovarase o carné de vendedor ambulante, entre o 20 de xaneiro e o 20 de febreiro, esixindo en cada caso a documentación oportuna. **Anualmente terán que acreditar estar de alta na seguridade social, ter subscrito o seguro de responsabilidade civil, non ter débedas pendentes e aboar as taxas municipais correspondentes.**

TERCEIRO.- Durante a execución da venda ambulante non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

CUARTO.- Durante a execución da venda ambulante adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou



maquinaria que participe na actividade o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da actividade autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da actividade aprecianse desviacións na execución da actividade respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da actividade, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

SÉTIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

